

A nova plataforma STEP promove a tecnoloxía estratéxica "made in Europe"



fundación
GALICIA EUROPA

A Unión Europea enfrenta o desafío crucial de manter a súa competitividade global e impulsar o crecemento económico sostible, especialmente en medio dun escenario xeopolítico cada vez máis complexo. En resposta a estes desafíos vén de poñer en marcha a **Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP)**, iniciativa orientada a apoiar a industria da UE e fomentar o investimento en tecnoloxías críticas en territorio europeo.

O principal obxectivo da STEP é **dirixir e orientar recursos a tres áreas principais de investimento estratéxico: tecnoloxías dixitais e tecnoloxías profundas, tecnoloxías limpas e biotecnoloxía**. Coa reorientación dunha parte dos recursos de 11 fontes de financiamento comunitario, a UE pretende mobilizar ata **50** mil millóns de euros de investimento público e privado nestas tecnoloxías. Por exemplo, un máximo do 20 % dos fondos estruturais como FEDER poderanse reorientar as prioridades STEP nunhas condicións máis vantaxosas en materia de prefinanciamento e cofinanciamento. O Fondo Europeo de Defensa terá un papel destacado nesta plataforma, pois os líderes europeos aprobaron en febreiro unha nova dotación de 1.500 € para este fondo co obxectivo de investir nas tecnoloxías STEP en materia de defensa.

Ligado a esta plataforma, créase un "**selo de soberanía**", unha **etiqueta europea para proxectos de alta calidade** en liña coas prioridades de STEP

coa que facilitar o seu financiamento a nivel nacional ou europeo, e de fontes públicas ou privadas. O selo será concedido a todos os proxectos que cumpran cos requisitos mínimos de calidade no proceso de selección dun procedemento competitivo de convocatorias de propostas no marco do **Programa Europa Dixital**, o **Fondo Europeo de Defensa**, o programa **UE4Saúde**, **Horizonte Europa** ou o **Fondo de Innovación**. Este selo só se poderá obter ao solicitar unha convocatoria relevante baixo un dos programas mencionados anteriormente. Será válido sempre que o proxecto dea comezo nos cinco anos seguintes á súa concesión. Os **proxectos galardoados co selo difundiranse a través do Portal de Soberanía, que porase marcha antes do verán**. Ademais dos proxectos, o portal recollerá os detalles dos programas de financiamento, as convocatorias de propostas, os proxectos recoñecidos como estratéxicos, os proxectos seleccionados para apoio financeiro e os contactos de autoridades nacionais competentes.

STEP complementa outras iniciativas recentes para fomentar a autonomía estratéxica europea como o Regulamento de Materias Primas Fundamentais ou o Regulamento sobre a Industria de Cero Emisións netas. Como paso previo a un verdadeiro fondo para a soberanía europea, STEP quere poñer o foco nos sectores industrias estratéxicos para a UE, de modo que as tecnoloxías punteiras e primordiais para a sociedade volvan ser "made in Europe".

**CARLA
SILVAR E
VANESSA
LOBO**

**FUNDACIÓN
GALICIA EUROPA**

A PLATAFORMA
DE TECNOLOXÍAS
ESTRATÉXICAS
PARA EUROPA (...) ORIENTA RECURSOS
A TRES ÁREAS DE
INVESTIMENTO:
TECNOLOXÍAS
DIXITAIS E
TECNOLOXÍAS
PROFUNDAS,
TECNOLOXÍAS
LIMPAS E
BIOTECNOLOXÍA